

DEPARTAMENTO DE LATÍN E CULTURA CLÁSICA

CULTURA CLÁSICA (3º E.S.O.)

Criterios de cualificación:

O proceso de cualificación obtense recollendo evidencias de varios recursos:

- Observación sistemática do proceso de aprendizaxe e rexistro da actitude do alumnado na aula: atención, participación, interese, inquietude, actitude colaborativa.
- Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual.
- Realización de traballos individuais o en grupo.
- Observación do caderno de clase.
- Comportamento na clase.
- Proba escrita que evidencie o traballo coas competencias e cos obxectivos da materia.

A cualificación final da avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións ou das súas recuperacións de ser o caso.

-A proba escrita representa o 80% da nota.

-O traballo diario e a observación do caderno de clase representa o 10 % da nota.

-O ou os traballos realizados representan o 10 % da nota. Estas tarefas terán unha data límite de entrega. Terase en conta o respecto polos demais compañeiros e polas súas aportacións; a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas; a utilización de diversas fontes de información; a claridade.

Aquel alumnado que supere a materia xa na terceira avaliación parcial, na nota desta avaliación farase a media das notas obtidas nas tres avaliacións, no caso de non ter aprobado terá a opción de recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións.

Nas notas de avaliación redondearase a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da 5ª décima.

Criterios de recuperación:

Os criterios de cualificación serán os indicados no apartado anterior.

No caso de ter que realizar a recuperación de algunha avaliación:

- Volverá a realizar a proba escrita cos contidos dese determinado trimestre.
- Volver entregar o caderno de clase completado e corrixido.
- Volver a realizar a tarefa desa avaliación.

Nos exames extraordinarios de avaliación final aparecerán os contidos mínimos e constará dunha proba escrita que será o 100 % da nota. Neste exame haberá 10 preguntas dos seis bloques de contidos. Para aprobar terá que obter un mínimo de 5 puntos en cada avaliación obxecto de recuperación.

Haberá un exame para recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións parciais, con contidos de unha, de dúas ou das tres avaliacións obxecto de recuperación.

A nota da avaliación final será a media aritmética das notas obtidas en cada unha das tres avaliacións parciais.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Farase unha reunión con eles nos que se lles comentarán cales son as datas para a realización dos exames de recuperación (o primeiro no segundo trimestre e o segundo no terceiro trimestre).

- Terán que realizar unha serie de fichas practicas dos contidos mínimos de cada bloque de contidos para que o alumno recupere coñecementos e acade obxectivos que non acadou o ano anterior.

- Faráselle saber cales son os contidos mínimos que aparecerán reflectidos nas probas de recuperación.
- Tamén terán a posibilidade de facer algún traballo dos temas que aparecen nos contidos mínimos para axudarlles a acadar os obxectivos desta materia.
- O alumnado que non acadase cualificación positiva, en xuño terá unha convocatoria extraordinaria para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.
- Ambas probas constarán de 10 preguntas seleccionadas do total dos bloques de contidos.
- Terá superada a materia con aprobar un dos dous exames.

CULTURA CLÁSICA (4 E.S.O.)

Criterios de cualificación:

O proceso de cualificación obtense recollendo evidencias de varios recursos:

- Observación sistemática do proceso de aprendizaxe e rexistro da actitude do alumnado na aula: atención, participación, interese, inquietude, actitude colaborativa.
- Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual.
- Realización de traballos individuais ou en grupo.
- Comportamento na clase.
- Proba escrita que evidencie o traballo coas competencias e cos obxectivos da materia.

Se existen probas obxectivas e claras de que un traballo escrito foi copiado, será anulado e repetido

A nota de cada trimestre obterase da seguinte forma.

- A proba escrita representa o 70 % da nota.
- O traballo diario representa o 10 % da nota.
- O ou os traballos realizados representan o 20% da nota.

Estas tarefas terán unha data límite de entrega. Terase en conta o respecto polos demais compañeiros e polas súas aportacións; a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas; a utilización de diversas fontes de información; a claridade.

Nas notas de cada avaliación redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,5 será 6 e 6,51 poderá redondearse a 7.

Faranse probas trimestrais que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou unidade didáctica.

CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final será a media aritmética das notas dos tres trimestres, co redondeo antes mencionado. Aquel alumnado que supere a materia xa na terceira avaliación parcial, na nota desta avaliación farase a media das notas obtidas nas tres avaliacións, no caso de non ter aprobado terá a opción de recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Os criterios de cualificación serán os indicados no apartado anterior.

No caso de ter que realizar a recuperación de algunha avaliación:

- Volverá a realizar a proba escrita cos contidos dese determinado trimestre.
- Volver a realizar a tarefa desa avaliación, no caso de non ter obtido a máxima nota neste apartado.

Asemade, para o resto do alumnado que obtivese unha cualificación superior a 5, esa proba serviría para incrementar a súa cualificación nese trimestre.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá exames extraordinarios de recuperación final no que aparecerán os contidos mínimos e constará dun exame escrito que será o 100 % da nota. Neste exame haberá 10 preguntas dos seis bloques de contidos.

Tamén poderá realizar exames para recuperar unha ou dúas das avaliacións parciais suspensas, con contidos de unha ou de dúas das avaliacións obxecto de recuperación.

A nota da avaliación final será a media aritmética das notas obtidas en cada unha das tres avaliacións parciais.

Para aprobar terá que obter un mínimo de 5 puntos en cada avaliación obxecto de recuperación.

LATÍN (4º E.S.O.)

Criterios de cualificación:

Avaliarase de forma continua aos alumnos. Cada alumno suspendido terá a oportunidade de recuperar na avaliación seguinte, sen ter que realizar traballos ou probas suplementarios.

O proceso de cualificación obtense recollendo evidencias de varios recursos:

• Proba escrita obxectiva que conteña preguntas dos distintos bloques de contidos dos temas dese trimestre; a parte que terá unha maior puntuación serán as traducións de frases latinas, que terán un mínimo de 3 puntos en cada exame (bloques 3); as declinacións e as conxugacións outros 3 puntos (bloque 3); os outros 4 puntos centraranse en preguntas sobre a orixe da escritura, a evolución da lingua latina, de léxico e da historia, a cultura e a civilización de Roma e a súa perduración (bloques 1, 2 e 4). Esta proba representará o 80% da nota do alumno.

• Valorarase o traballo realizado na clase (o esforzo, a actitude, as ganas de aprender, o interese, a participación, a realización das tarefas diarias), que representará o 20% da nota do alumno.

- A proba escrita representa o 80% da nota.

- O traballo diario na clase representa o 10 % da nota

- O ou os traballos realizados representan o 10 % da nota. Terase en conta o respecto polos demais compañeiros e polas súas aportacións; a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas; a utilización de diversas fontes de información e a claridade.

A nota final será a obtida na terceira avaliación. Terá que obter un 5 ou máis; a nota terá un redondeo a partir do 5º decimal pasará ao seguinte número enteiro.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acadara o aprobado na terceira avaliación parcial terá unha proba de recuperación final. Nesta proba aparecerán os contidos mínimos e constará dun exame escrito que será o 100 % da nota. O exame valora un 30% as frases (bloque 3), un 30% declinacións e conxugacións (bloque 3.), e o 40% preguntas dos bloques 1, 2 e 4. Para aprobar terá que obter un mínimo de 5 puntos nesta avaliación final.

Haberá unha recuperación por avaliación, coa mesma cualificación exposta antes no caso de que así o solicite o alumno. O alumnado xa aprobado poderá realizar o exame e mellorar a súa nota.

Avaliarase de forma continua aos alumnos. Ao ser a avaliación continua, cada alumno suspendido terá a oportunidade de recuperar na avaliación seguinte, sen ter que realizar traballos ou probas suplementarios.

Para aprobar terá que obter un mínimo de 5 puntos, cun redondeo a partir do quinto decimal.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación final, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superou determinadas unidades didácticas para o caso de que a cualificación final non chegase a 5. Esta proba representará o 100% da nota do alumnado, cun redondeo a partir do 5º decimal.

LATÍN (1º BACHARELATO)

Criterios de cualificación:

Avaliarase de forma continua aos alumnos. Ao ser a avaliación continua, cada alumno suspenso terá a oportunidade de recuperar na avaliación seguinte, sen ter que realizar traballos ou probas complementarias.

Na materia de Latín I, na primeira e segunda avaliacións haberá un exame escrito obxectivo con preguntas escollidas entre os catro bloques de contidos dos temas dese trimestre. A parte mais valorada será a dedicada ao bloque I: Comprensión e interpretación dos textos, nos que haberá unha parte dedicada á morfoloxía nominal e verbal, precisa para unha correcta tradución. Os outros tres bloques terán unha representación menor. Será unha relación do 80% para o bloque I, e un 20% para os outros tres bloques.

Na última avaliación haberá dous exames: un so de análise e tradución que valerá o 70% ; o outro con declinacións, conxugación, cuestións de léxico e de Roma e o seu legado que valerá o 30%.

Esta nota supón o 85% da nota final; a esta nota sumase un 15% no que se valora o traballo realizado na clase (o esforzo, a actitude, as ganas de aprender, o interese, a participación, a realización das tarefas diarias).

Nos exames extraordinarios da avaliación final apareceran os contidos mínimos e constara dun exame escrito que será o 100 % da nota; unha análise e tradución de frases cunha valoración dun 40%; declinacións e conxugacións cunha valoración dun 30% e un 30% dos bloques II, III e IV.

Haberá unha recuperación por avaliación, coa mesma cualificación exposta antes, pero a superación da materia no 3º trimestre supón que se superaron as outras, pois a nota final será a do 3º trimestre.

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo e recuperación. Durante este período tamén se realizará a proba extraordinaria para o alumnado coa materia Latín I pendente que non a superou nas probas feitas con anterioridade avaliadas no mes de maio, será unha proba escrita.

Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación pasen do 5º decimal, serán redondeadas no seguinte número enteiro.

Criterios de recuperación:

Os criterios de cualificación serán os indicados no apartado anterior.

No caso de ter que realizar a recuperación de algunha avaliación:

- Volverá a realizar a proba escrita cos contidos dese determinado trimestre. Coa porcentaxe indicada no apartado anterior.
- Nos exames extraordinarios da avaliación final apareceran os contidos mínimos e constara dun exame escrito que será o 100 % da nota; unha análise e tradución de frases cunha valoración dun 40%; declinacións e conxugacións cunha valoración dun 30% e un 30% dos bloques II, III e IV.
- Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro.
- A cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No caso de que unha persoa discente pase a 2.º curso de bacharelato coa materia Latín I pendente, háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

O alumnado afectado pode seguir o curso de 2.º como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1.º no caso de aprobar a de 2.º, sendo a cualificación de 1.º a mesma ca do 2.º curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso. No caso de que o informe da 2.ª avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3.ª avaliación.

O alumnado afectado poderá facer unha proba específica durante o 1.º trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo establecidos nesta programación.

Farase unha reunión con eles nos que se lles comentarán cales son as datas para a realización dos exames de recuperación (o primeiro no segundo trimestre e o segundo no terceiro trimestre).

Nos exames de recuperación, ao igual que no exame extraordinario, apareceran os contidos mínimos e constara dun exame escrito que será o 100 % da nota; unha análise e tradución de frases cunha valoración dun 40% (bloque 1); declinacións e conxugacións cunha valoración dun 30% (bloque 1) e un 30% dos bloques 2, 3 e 4.

O alumnado que non acadase cualificación positiva en xuño terá unha convocatoria extraordinaria para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.

Terá superada a materia con aprobar un dos dous exames que se farán ao longo do curso ou con aprobar o exame extraordinario de xuño.

LATÍN (2º BACHARELATO)

Criterios de cualificación:

Na materia de Latín II, en cada avaliación haberá un exame escrito obxectivo con preguntas escollidas entre os distintos bloques de contidos dos temas dese trimestre. A parte mais valorada será a dedicada a lingua latina (bloque I) co análise e tradución dun texto, con análise morfolóxico, sintáctico e tradución; que vale o 70% da nota; preguntas do bloque II con evolucións fonéticas, locucións latinas e composición e derivación culta que vale o 15% da nota; e unha pregunta sobre a literatura latina (bloque III) que vale o 15% da nota.

Esta nota supón o 85% da nota final de cada avaliación parcial. O 15% restante e a valoración do traballo realizado na clase por trimestre (o esforzo, a actitude, as ganas de aprender, o interese, a participación, a realización das tarefas diarias).

No período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias impartiranse clases de apoio e reforzo para preparar o alumnado para a realización da ABAU e recuperación (no caso de que o alumnado non aprobase na avaliación final).

Nos exames da avaliación extraordinaria apareceran os contidos mínimos e constara dun exame escrito que será o 100 % da nota; a valoración do exame e un 70% dos bloques I; un 15% dos bloques II, e un 15% do bloque III. Para aprobar terá que obter un mínimo de 5 puntos en cada avaliación, con un redondeo a partir do 0,5.

A nota final: O estudo de calquera lingua é progresivo; en cada avaliación repítense contidos das avaliacións e incluso dos cursos precedente, por iso a nota positiva na avaliación final supón a recuperación dos contidos das avaliacións precedentes con avaliación negativa. Dado que as cualificacións das avaliacións virán conformadas polos logros acadados no tratamento dos contidos lingüísticos e tendo en conta que estes contidos son de avaliación progresiva é moi importante aplicación do principio de prevalencia da cualificación posterior sobre a anterior. A nota final será a obtida na avaliación final ou de ser o caso na avaliación extraordinaria.

Criterios de recuperación:

1.^a e 2.^a avaliacións. O alumnado que non chegue ao 5 na 1.^a e/ou 2.^a avaliación non fará ningunha proba específica de recuperación, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.

3.^a avaliación. O alumnado que suspenda a 3.^a avaliación e que previsiblemente por esta causa non poida aprobar a materia na convocatoria ordinaria, terá unha proba extraordinaria de recuperación consistente nunha proba semellante ás realizadas para avaliar a 3.^a avaliación.

O alumnado que non obteña unha cualificación de 5 ou superior de media na avaliación dos contidos correspondentes, terá dereito a unha proba de recuperación. Recuperación de graza.

O alumnado que en aplicación da fórmula non obteña un 5, terá a oportunidade de aprobar a materia mediante a realización dunha proba global seguindo o modelo dunha proba de ABAU e cualificada segundo os criterios de aplicación da mesma.

Avaliación extraordinaria. A avaliación extraordinaria tentará ser, en todo caso, selectiva, isto é, avaliar a cada persoa discente daquelas partes do programa que impiden que chegue ao 5 na aplicación da fórmula de cualificación final. Así pois, emitida a cualificación final de curso, cada persoa discente que non superase a materia recibirá un informe individualizado no que se especifique os contidos a recuperar. A cualificación final, así pois, será o resultado da aplicación da fórmula da avaliación final coas modificacións correspondentes.

En todo caso, en tanto que avaliación extraordinaria, o alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. A alumnado que así o manifeste, poderá optar a este tipo de proba e, por tanto, a cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso. Neste caso a proba final será semellante á "recuperación de graza" que se expuxo anteriormente.

A nota final da materia de Latín de 4º E.S.O; e latín de I e II de BAC.

O estudo de calquera lingua e progresivo; en cada avaliación repítense contidos das avaliacións e incluso dos cursos precedentes, por iso a nota positiva na avaliación final supón a recuperación dos contidos das avaliacións precedentes con avaliación negativa. A nota final será a obtida na avaliación final ou de ser o caso na avaliación extraordinaria.